

5. Lugar de realización.

Instalacións de *Cacumen Lugo, S.L.U.* R/ Concepción Arenal, 18-1º. 27004 Lugo.

6. Número de prazas.

Máximo 20 alumnos.

7. Dirixido a:

Responsables técnicos das empresas que apliquen e/ou manipulen produtos biocidas.

8. Criterios de selección.

Por rigorosa orde de recepción de solicitude de inscrición.

9. Presentación de solicitudes.

Segundo modelo do anexo.

10. Programa.

6-2-2009	16.00-21.00 h	Introdución. Praguicidas (I).
7-2-2009	10.00-14.00 h	Praguicidas (II).
	16.00-20.00 h	Manipulación: formulacións e preparacións.
13-2-2009	16.00-21.00 h	Pragas específicas (I).
14-2-2009	10.00-14.00 h	Pragas específicas (II).
	16.00-20.00 h	Pragas específicas (III).
27-2-2009	16.00-21.00 h	Aplicación de raticidas e raticidas. Aplicación de insecticidas e acaricidas.
28-2-2009	10.00-14.00 h	Desinfección. Produtos utilizados. Técnicas de desinfección.
	16.00-20.00 h	Aplicación de técnicas de desinfección.
6-3-2009	16.00-21.00 h	Exercicios prácticos. Praguicidas e medio natural (I).
7-3-2009	10.00-14.00 h	Praguicidas e medio natural (II).
	16.00-20.00 h	Precaucións e normas de seguridade (I).
13-3-2009	16.00-21.00 h	Precaucións e normas de seguridade (II).
14-3-2009	10.00-13.00 h	Exercicios prácticos.
	13.00-14.00 h	Proba de avaliación.

11. Certificado de superación do curso.

É obrigatoria a asistencia a todas as sesións do curso. Finalizado este, a entidade organizadora realizará as probas pertinentes que avalíen os coñecementos adquiridos polos alumnos e, en caso de superalas, expedirá o certificado correspondente co que poderá solicitar á Dirección Xeral de Saúde Pública da Consellería de Sanidade o carné de aplicador/manipulador de biocidas, nivel cualificado.

Santiago de Compostela, 1 de decembro de 2008.

Ramón Medina González-Redondo
Director xeral de Saúde Pública

ANEXO

Ficha de solicitude de inscrición

Curso para a capacitación de aplicadores/manipuladores de produtos biocidas. Nivel cualificado.

Entidade organizadora: *Cacumen Lugo, S.L.U.*

Data: do 6 de febreiro ao 14 de marzo de 2009.

Lugar de realización: instalacións de *Cacumen Lugo, S.L.U.*

R/ Concepción Arenal, 18-1º. 27004 Lugo.

Duración: 60 horas teórico/prácticas e 1 hora proba avaliación.

Nº máximo de alumnos: 20.

Horario: das 10.00-14.00 e das 16.00-21.00 horas.

Inscrición: enviar ficha de solicitude a *Cacumen Lugo, S.L.U.*, r/ Concepción Arenal, 18-1º. 27004 Lugo. Teléfono 982 24 39 44. Fax 982 28 41 61.

E-mail: cacumen@cacumenlugo.com

Apelidos:...

Nome:...

NIF:...

Enderezo:...

Localidade:...

Teléfono:... Fax:...

Empresa:...

CONSELLERÍA DE PESCA E ASUNTOS MARÍTIMOS

Orde do 23 de decembro de 2008 pola que se aproba o Plan Xeral de Explotación Marisqueira para o ano 2009.

O Decreto 423/1993, do 17 de decembro, polo que se refunde a normativa vixente en materia de marisqueo, extracción de algas e cultivos mariños, modificado polo Decreto 237/2002, do 11 de xullo, establece no seu artigo 3 que a Consellería de Pesca, Marisqueo e Acuicultura (hoxe en día Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos) aprobará, con carácter anual, un Plan Xeral de Explotación Marisqueira.

Nesta orde establécese o réxime necesario para permitir a explotación marisqueira en Galicia durante todo o ano, coas garantías dunha boa xestión do recurso.

O mecanismo de elaboración do plan xeral permítelles ás entidades asociativas do sector a participación activa na responsabilidade da xestión dos recursos.

Así, preséntanse plans de explotación para as autorizacións e zonas de libre marisqueo, en que se mellora a explotación con respecto ás normas de libre marisqueo, e adquiren especial relevancia as actividades de semicultivo e rexeneración, control e vixilancia que prevén os plans de explotación, elemento fundamental para a recuperación e mellora das zonas produtivas.

Sen prexuízo do exposto, a Administración, co obxecto de incentivar a mellora da produción, require os informes técnicos necesarios respecto de todos os aspectos esenciais para acadar tal fin e sempre na procura da explotación sustentable dos recursos pesqueiros.

A orde regula, así mesmo, a veda dos diferentes crustáceos de forma que se poidan adoptar anualmente as medidas necesarias de conservación, tendo en conta os datos científicos máis fidedignos.

Polo tanto, examinados os plans de explotación remitidos polas entidades marisqueiras titulares das autorizacións, consultadas as entidades na elaboración das normas relativas a zonas de libre marisqueo e vistos os informes biolóxicos emitidos polos técnicos desta consellería, e de conformidade co disposto no citado decreto regulador.

DISPOÑO:

Artigo 1º.-Autorizacións marisqueiras.

1. Apróbanse os plans de explotación para o ano 2009 que se relacionan no cadro A e que se desenvolverán conforme as condicións recollidas na ficha resumo de cada un deles, que forma parte do expediente, e as instrucións que posteriormente se diten, de seren necesarias.

2. Para o desenvolvemento dos plans de explotación e, de acordo co Decreto 423/1993, do 17 de decembro, correspóndelles ás persoas titulares das delegacións territoriais da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos autorizar a apertura e o peche da extracción de marisco. As entidades titulares deberán solicitar autorización, polo menos 15 días antes da data prevista para a extracción, no plan de explotación. A solicitude deberá presentarse no modelo publicado como anexo V desta orde. O modelo tamén estará á disposición nas páxinas web: web-pesca.xunta.es e pescadegalicia.com.

3. A explotación das autorizacións marisqueiras para as que non se presentaron plans de explotación ou para aquelas en que se presentaron pero non foron aprobados, rexeráse polo disposto para as zonas de libre marisqueo.

Artigo 2º.-Plans específicos en zonas de libre marisqueo.

1. Apróbanse os plans de explotación para o ano 2009 que se relacionan no cadro B e que se desenvolverán conforme as condicións recollidas na ficha resumo de cada un deles, que forma parte do expediente e as instrucións que posteriormente se diten, de seren necesarias.

2. Para o desenvolvemento dos plans de explotación e, de acordo co Decreto 423/1993, do 17 de decembro, correspóndelles ás persoas titulares das delegacións territoriais da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos autorizar a apertura e peche da extracción de marisco. As entidades titulares deberán solicitar autorización, polo menos 15 días antes

da data prevista para a extracción, no plan de explotación. A solicitude deberá presentarse no modelo publicado como anexo IV desta orde. O modelo tamén estará á disposición nas páxinas web: web-pesca.xunta.es e pescadegalicia.com.

3. A explotación destas zonas para as que non se presentaron plans de explotación ou para aquelas en que se presentaron pero non foron aprobados, rexeráse polo disposto para as zonas de libre marisqueo.

4. Se non existe acordo de repartición da zona de traballo entre os sectores de marisqueo a pé e desde embarcación, as zonas dos dous sectores quedarán delimitadas pola liña que une os puntos de cota mareal cero.

Artigo 3º.-Zonas de libre marisqueo.

1. Segundo o establecido no artigo 5 do Decreto 423/1993, do 17 de decembro, autorízase como norma xeral a extracción de moluscos nas zonas de libre marisqueo, non suxeitas a plan específico desde o 2 de xaneiro ao 31 de marzo e desde o 1 de outubro ao 31 de decembro de 2009.

2. As cotas de captura para as zonas de libre marisqueo serán as recollidas no cadro C. As cotas máximas de captura poderán ser aumentadas ou diminuídas pola Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos dependendo do estado do recurso.

3. Exceptúanse do exposto nos puntos 1 e 2 anteriores as seguintes zonas:

a) Ría de Foz.

-Banco do Taro: pechado para a extracción de ameixa xaponesa.

b) Ría de Ferrol.

-Banco das Pías: a explotación realizarase de acordo co plan deseñado para o efecto para esta zona.

-Zonas de libre marisqueo: segundo os informes técnicos e oído o sector, a Delegación Territorial da Coruña ditará as resolucións de apertura mensuais.

c) Ría de Arousa.

-Banco dos Lombos do Ulla, en que a actividade se realizará segundo o plan piloto aprobado e conforme as resolucións da Dirección Xeral de Recursos Mariños.

-Banco do Bohído, que se explotará de acordo co plan de xestión específico para a zona e conforme as resolucións da Dirección Xeral de Recursos Mariños.

-Banco de Cabío (marisqueo desde embarcación), que se explotará conforme as condicións recollidas na ficha resumo, que forma parte do expediente, e as resolucións da Dirección Xeral de Recursos Mariños.

d) Ría de Vigo.

-Bancos sublitorais nas zonas de libre marisqueo: a explotación desenvolverase conforme o seguinte:

-Modalidade: marisqueo desde embarcación.

-Especies: ameixa fina, ameixa babosa, ameixa rubia, ameixa xaponesa, berberecho, carneiro, cornicha e reló.

-Zonas de traballo: bancos sublitorais das zonas de libre marisqueo na ría de Vigo, agás a autorización da confraría de pescadores de Baiona.

-Días máximos de extracción: 180 días.

-Época probable de extracción: de xaneiro a decembro, cunha veda de dous meses en abril e maio.

-Puntos de control: zonas de traballo mediante embarcación.

A Delegación Territorial de Vigo, tendo en conta os informes técnicos e consultado o sector, ditará as resolucións de apertura mensuais.

-Bancos intermareais na zona de libre marisqueo comprendida entre punta Cabalo a Pedra dos Caralletes: a explotación desenvolverase conforme o seguinte:

-Modalidade: marisqueo a pé.

-Especies: ameixa fina, ameixa xaponesa e berberecho.

-Zonas de traballo: Cunchido e Larache.

-Días máximos de extracción: 50 días.

-Época probable de extracción: de xaneiro a decembro, cunha veda nos meses de maio e xuño.

-Puntos de control: determinaranse nas resolucións de apertura mensuais.

A Delegación Territorial de Vigo, tendo en conta os informes técnicos e consultadas a confraría de Arcade e a *Asociación de Mariscadoras de Vilaboa* ditará as resolucións de apertura mensuais, tras a petición conxunta das entidades interesadas.

-Bancos intermareais na zona de libre marisqueo comprendida entre punta da Bestia e peirao de Santo Adrián: a explotación desenvolverase conforme o seguinte:

-Modalidade: marisqueo a pé.

-Especies: ameixa fina, ameixa xaponesa e berberecho.

-Zonas de traballo: Aradoiro e Calera.

-Días máximos de extracción: 10 días.

-Época probable de extracción: de xaneiro a decembro, cunha veda nos meses de maio e xuño.

-Cotas máximas de captura:

-Ameixa fina: 2 kg/mariscadora/día.

-Ameixa xaponesa: 3 kg/mariscadora/día.

-Berberecho: 4 kg/mariscadora/día.

-Puntos de control: determinaranse nas resolucións de apertura mensuais.

A Delegación Territorial de Vigo, tendo en conta os informes técnicos e consultadas a confraría de Moaña e a *Asociación de Mariscadoras de Vilaboa* ditará as resolucións de apertura mensuais, tras a petición conxunta das entidades interesadas.

-Bancos intermareais na zona de libre marisqueo comprendida entre punta Rodeira ata a praia de Canabal: a explotación desenvolverase conforme o seguinte:

-Modalidade: marisqueo a pé.

-Especies: ameixa fina, ameixa xaponesa e ameixa babosa.

-Zona de traballo: illa dos Ratos.

-Puntos de control: determinaranse nas resolucións de apertura mensuais.

A Delegación Territorial de Vigo, tendo en conta os informes técnicos e consultado o sector ditará as resolucións de apertura mensuais.

4. Para traballar con rastro de vieira, segundo o artigo 120 do Decreto 424/1993, do 17 de decembro, nas zonas de libre marisqueo remitirase a solicitude á Dirección Xeral de Recursos Mariños, cunha anticipación mínima de 15 días á data de extracción, especificando os datos do censo de embarcacións, a especie obxecto da explotación e as zonas de traballo.

5. As zonas de traballo dos sectores de marisqueo a pé e desde embarcación nas zonas de libre marisqueo, estarán delimitadas pola liña que une os puntos de cota mareal cero.

Artigo 4º.-*Artes de bou de vara ou bou de man.*

1. Aquelas embarcacións que contén no seu permiso de explotación coas artes de bou de vara ou bou de man, poderán realizar as capturas con carácter xeral desde o 2 de xaneiro de 2009 ata o 31 de marzo, e desde o 2 de novembro ao 31 de decembro de 2009, e sempre de acordo co previsto no Decreto 424/1993, do 17 de decembro.

2. Para a extracción de moluscos bivalvos no período autorizado, axustaranse ao disposto no artigo 2.2º do Decreto 423/1993, do 17 de decembro.

Artigo 5º.-*Percebe.*

1. Apróbanse os plans de explotación para o ano 2009 que se relacionan no cadro D e que se desenvolverán conforme as condicións recollidas na ficha resumo de cada un deles, que forma parte do expediente e as instrucións que posteriormente se diten, de seren necesarias.

2. Correspóndelles ás persoas titulares das delegacións territoriais da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos autorizar a apertura e peche da extracción de marisco, tras a solicitude das entidades titulares con anterioridade á data prevista para a extracción, no plan de explotación. A solicitude deberá presentarse no modelo publicado como anexo IV desta

orde. O modelo tamén estará á disposición nas páxinas web: webpesca.xunta.es e pescadegalicia.com.

Artigo 6º.-Outros crustáceos.

Ao abeiro do establecido no artigo 14 do Decreto 423/1993, do 17 de decembro, establécense, no cadro E, os períodos autorizados durante o ano 2009 para a extracción das especies de crustáceos.

Artigo 7º.-Equinodermos.

1. Apróbanse os plans de explotación para o ano 2009 que se relacionan no cadro F e que se desenvolverán conforme as condicións recollidas na ficha resumo de cada un deles, que forma parte do expediente e as instrucións que posteriormente se diten, de seren necesarias.

2. Correspóndelles ás persoas titulares das delegacións territoriais da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos autorizar a apertura e peche da extracción de marisco, tras a solicitude das entidades titulares con anterioridade á data prevista para a extracción, no plan de explotación. A solicitude deberá presentarse no modelo publicado como anexo IV desta orde. O modelo tamén estará á disposición nas páxinas web: webpesca.xunta.es e pescadegalicia.com.

Artigo 8º.-Extracción de navalla/longueirón/longueirón vello, peneira e algas.

1. Apróbanse os plans de explotación de navalla/longueirón/longueirón vello, peneira e algas, para o ano 2009, que se relacionan nos cadros G, H e I, respectivamente, e que se desenvolverán conforme as condicións recollidas na ficha resumo de cada un deles, que forma parte do expediente e as instrucións que posteriormente se diten, de seren necesarias.

2. Correspóndelles ás persoas titulares das delegacións territoriais da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos autorizar a apertura e peche da extracción de marisco, tras a solicitude das entidades titulares con anterioridade á data prevista para o efecto, no plan de explotación. Para o caso da recolección de algas a antedita solicitude deberá facerse cunha anticipación mínima de 15 días á data prevista para a extracción, no plan de explotación. A solicitude deberá presentarse no modelo publicado como anexo IV desta orde. O modelo tamén estará á disposición nas páxinas web: webpesca.xunta.es e pescadegalicia.com.

3. Cando a extracción da navalla/longueirón/longueirón vello se vaia realizar con mergullo con subministración de aire desde superficie, de cara a garantir a efectividade dos mecanismos de control sobre o esforzo pesqueiro, será necesario que as entidades titulares dos plans presenten con cada solicitude de apertura mensual, un plan de control tal que permita avaliar os medios e medidas empregadas para garantir o control do esforzo pesqueiro en cada momento e poñerlle límite, de ser o caso.

A autorización de apertura mensual queda supeditada á adecuación e efectividade das medidas de control propostas.

Disposicións adicionais

Primeira.-Presentación da solicitude de plan para o ano 2010.

1. As solicitudes dirixiranse á persoa titular da Dirección Xeral de Recursos Mariños, da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos, segundo o modelo que figura no anexo II desta orde. O modelo tamén estará á disposición nas páxinas web: webpesca.xunta.es e pescadegalicia.com. Presentaranse no rexistro único e de información do complexo administrativo de San Caetano ou no de calquera das súas delegacións territoriais e comarcais, ou en calquera dos lugares previstos no artigo 38 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

A solicitude virá acompañada do plan de explotación orixinal, catro copias, ficha resumo ademais dunha copia en soporte informático. No caso de que o plan se desenvolva no ámbito do Parque Nacional das Illas Atlánticas ou en espazos protexidos, declarados pola Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, engadirasen dúas copias máis para informe da administración ambiental competente.

As solicitudes virán asinadas polo representante legal da entidade. Se a solicitude é para un plan conxunto, deberá estar asinada por todos os representantes ou constar o acordo de delegación expresa de nomeamento do representante.

2. As delegacións territoriais, como órganos responsables da tramitación da solicitude, comprobarán que reúnen todos os requisitos; en caso contrario poráselles de manifesto por escrito aos interesados para que nun prazo de dez (10) días remitan cantos datos, documentos complementarios e aclaracións se consideren necesarios para avaliar o plan. Se así non o fixeren, considerarase que desistiron da súa petición. A documentación requirida para a emenda da solicitude deberá ser presentada no rexistro da delegación territorial da Consellería de Pesca a que corresponda a tramitación, salvo que no escrito de requirimento se sinala outra cousa. A documentación presentada nun rexistro distinto poderá ser inadmitida, a menos que teña entrada naquel dentro do prazo inicial de dez (10) días conferido para a súa entrega.

3. Non se aplicará o disposto no parágrafo anterior ás solicitudes que non veñan acompañadas como mínimo dos aspectos sinalados no artigo 4 do Decreto 423/1993, do 17 de decembro (anexo I do antedito decreto, DOG nº 13, do 20 de xaneiro de 1994), que poderán ser inadmitidas quedando, neste caso, arquivado o expediente sen máis trámite.

Segunda.-As solicitudes a que se refiren os artigos 4 e 8 do Decreto 423/1993, do 17 de decembro axustaranse aos modelos que figuran nos anexos III, IV e V desta orde. Os modelos estarán a disposición nas páxinas web: webpesca.xunta.es e pescadegalicia.com.

Terceira.-As resolucións de aperturas mensuais estarán condicionadas a que os recursos extraídos cumpran estritamente a normativa vixente en materia de seguranza alimentaria.

Cuarta.-Os rastros remolcados, definidos nos artigos do 120 ao 123 do Decreto 424/1993, do 17 de decembro, só poderán capturar un 10% de especies acompañantes sempre e cando estas especies non estean sometidas a un plan específico aprobado pola Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos.

Quinta.-Segundo o disposto no artigo 2.1º do Decreto 423/1993, do 17 de decembro, a extracción de marisco e a recolección de algas en augas da Comunidade Autónoma de Galicia só poderá ser exercida polas persoas e embarcacións que estean en posesión do preceptivo permiso de explotación, e non serán recoñecidas como válidas aquelas autorizacións emitidas polas propias entidades.

Sexta.-Con carácter xeral, autorízase a extracción de marisco nas vésperas de festivos durante todo o ano 2009, sempre e cando o estado dos recursos o permita.

Sétima.-Prohíbese durante todo o ano a extracción de mexillón silvestre en todo o litoral galego, agás resolución expresa da Dirección Xeral de Recursos Mariños.

Oitava.-A Dirección Xeral de Recursos Mariños poderá, por proposta do sector, aprobar o plan de explotación para a centola (*Maja squinado*), con medidas de xestión experimental diferentes ás establecidas no artigo 6º desta orde.

Novena.-Segundo a Orde do 23 de abril de 1999, da Consellería de Pesca, Marisqueo e Acuicultura, pola que se regula o exercicio do mergullo profesional, modificada pola Orde do 13 de xuño de 2001, a aprobación dos plans con arte ou modalidade de mergullo implica a autorización para realizar o mergullo nas zonas e períodos de vixencia daqueles, segundo as resolucións de apertura que sexan dadas pola delegación territorial, sen prexuízo da correspondente aprobación para efectos de seguranza, outorgada pola capitania marítima correspondente, de acordo co establecido na Orde do 14 de outubro de 1997, do Ministerio de Fomento, que establece as normas de seguranza para o exercicio de actividades subacuáticas.

Décima.-As zonas declaradas como reservas mariñas de interese pesqueiro rexeranse polas normas de creación destas e aquelas outras que as desenvolvan.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Os plans de explotación presentados polas entidades que serviron de base para esta orde estarán dispoñibles nos servizos centrais, delegacións correspondentes da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos, así como na sede das entidades responsables destes. As condicións específicas de aprobación dos plans estarán dispoñibles nos anteditos lugares e ademais nos enderezos web: webpesca.xunta.es e pescadegalicia.com.

Segunda.-Autorízase a persoa titular da Dirección Xeral de Recursos Mariños para o desenvolvemento desta orde e que, co obxecto da mellora da xestión dos recursos e na procura dunha explotación sustentable destes, adopte as medidas de xestión necesarias en función do estado dos recursos e dos informes emitidos polos técnicos.

Terceira.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 23 de decembro de 2008.

Carmen Gallego Calvar
Conselleira de Pesca e Asuntos Marítimos

ANEXO I

-Ría do Barqueiro: dentro da liña imaxinaria trazada entre punta Cova Baixa e punta do Santo.

-Ría de Viveiro: zona interna da liña imaxinaria trazada entre punta do Cabalo e punta Morago.

-San Cibrao: dentro da liña imaxinaria formada pola punta crebaondas do dique norte da Alúmina e a punta oeste do illote da Anxuela.

-Burela: dentro da liña imaxinaria trazada entre punta de cabo Burela a faro Pedra e de faro Pedra a punta Areoura.

-Nois: demora NE punta Nois a demora NE no extremo oeste da praia de Arealonga.

-Foz: entre as demoras N e NE de Portovello en fondos inferiores a sete brazas.

-Gahito: demora N punta Promontorio a N illa Mole-do, en fondos inferiores a sete brazas.

-Rinlo: demora N punta Corbeira/N punta Lesión, en fondos inferiores a sete brazas.

-Ribadeo: demora N punta Piñeira/N illote Corva en fondos inferiores a sete brazas.

-Enseada de Santa Marta ou de Cariño: a zona comprendida entre punta Espasante e punta do Seixo.

-Cedeira: a zona comprendida entre punta Castrelo e punta de Sarridal.

Cadro A: plans de explotación en autorizacións marisqueiras

Provincia de Lugo						
Entidade ⁽¹⁾	Modalidade	Especies ⁽²⁾	Zona de traballo	Días máx. extracción	Épocas probables de extracción	Puntos de control
C.P. O Vicedo	A pé	Cd	Praia de Arealonga, dende Os Castelos a punta Pena Furada e Lombo das Navallas.	15	Xaneiro, febreiro. De outubro a decembro.	Caseta de Arealonga e Lombo das Navallas.
Provincia da Coruña						
Entidade ⁽¹⁾	Modalidade	Especies ⁽²⁾	Zona de traballo	Días máx. extracción	Épocas probables de extracción	Puntos de control
A.M. Fonte Santa Helena-Baldaio	A pé	AF, AB, B, O	Lagoas de Baldaio.	25	Marzo, abril. De xuño a decembro.	Fonte Santa Helena.
A.M Esteiro do río Anllóns	A pé	B	Zona de autorización (marxe dereita da enseada do río Anllóns, entre illa Cagallóns e liña de punta Revoleas e enseada de Insua).	140	De xaneiro a decembro.	Pedras de Cambón, O Pendón, Ourixeira, Lodeiro.
C.P. A Coruña	A pé Embarcación	AF, AB, B AX,	Zonas de autorización da parte interna da ría do Burgo, entre a ponte da Pasaxe e a ponte do Burgo.	A pé: 20 días Embarc.: 35 días	A pé: de xaneiro a abril e de xullo a decembro. Embarc.: de xaneiro a abril e de setembro a decembro.	Punto de venda no lugar das Xubias (A Coruña).
C.P. A Pobra do Caramiñal	A pé	AB, AF, AX B, R	De punta Galduario a río Coroño.	178	Xaneiro. De marzo a decembro.	Areal, Friscos e Franco.
C.P. A Pobra do Caramiñal	Embarcación	AB, AF, B, Abc AR, AX, C	Areal, Raposiños e As Insuas da Ribeiriña.	165	Xaneiro. De marzo a setembro. Decembro.	Embarcacións Playa de Raposiños e Punta Costadal.
C.P. Barallobre	A pé	AB, AF, AX, B, O, Cm	Praias de Barallobre e Maniños.	110	De xaneiro a abril. De xullo a decembro.	Lonxa de Barallobre.
C.P. Cabo de Cruz	A pé	AB, AF, AX, B, R	De punta Peralto a Pedrarrubia.	151	De xaneiro a marzo. De xuño a decembro.	Praia de Barraña: desembocadura do río Coroño, antigas colonias de verán, centro de saúde e baixada a Xión. Praia de Retorta: baixada á praia de Retorta. Ladeira do Chazo: rampla de Angados e ladeira do Chazo. Praia de Mañóns: baixada de Triñáns, baixada do Piñeiro, aparcadoiro de Mañóns e baixada ás Redondas.
C.P. Cabo de Cruz	Embarcación	AB, Abc, AF, AR, AX, B, C, R	De punta Peralto a Pedrarrubia.	192	De xaneiro a marzo. De xuño a setembro. De novembro e decembro.	Embarcación de vixilancia nas zonas de traballo.
C.P. Camariñas	A pé Embarcación	AF, AX, AB, B	De punta Lago a punta Roda, de punta Sandía a punta Roda, de punta Sandía a punta Insuela, enseada da Vasa.	125	De xaneiro a decembro.	Ariño, Monte da Mina, A Paxariña, Ponte de Arroyo-Trasteiro, Area da Vila, fondeadoiro do Pozo.
C.P. Cariño	A pé	AF, B, AB, AX, O	Zona de autorización: de punta Figueiroa a punta Leixa.	80	De xaneiro a decembro.	Punta Figueiroa, Sismundi, porto de Sismundi, Macelos, punta Promontorio e punta Fornelos.
C.P. Carreira-Aguiño	Embarcación	AB, AR, C, R	Zona de autorización.	185	De xaneiro a decembro.	Zonas de traballo e punto de descarga (peirao de Aguiño).
C.P. Cedeira	A pé	B, AF, Cm	Enseadas de Esteiro e Pantín.	50	De xaneiro a abril. De xullo a decembro.	Enseada de Esteiro: O Cubilote. Enseada de Pantín: O Alfunil. Casa do pescador en Cedeira.
C.P. Espasante	A pé	AF, AB, AX, B, Cm, L	Desde Senra ata Ladrado.	75	De xaneiro a decembro.	Portos de Ortigueira e Ladrado. Cano de Cabalar. Lagarea.
C.P. Miño	A pé Embarcación	AF, AB, B, Cm, O, AX, Cd	A pé: Castelo Souto Láncara (Souto, Cuco), Castelo-Pedrido, Lombo Espiñeira, porto-praia pequena. Embarcación: Canal do Pedrido.	110	De xaneiro a decembro.	O Pedrido. Porto de Miño (porto-praia pequena de Miño).
C.P. Mugardos	A pé	AB, AF, B, AX	Enseadas da Barca, O Baño, Nande e Santa Lucía.	82	De xaneiro a xullo. De novembro a decembro.	A Barca e Casa do Reló.
C.P. Muros	A pé	B, AF, AB, AX, Ar, Cn	Praia da Virxe e praia da Abelleira.	60	Marzo, xullo, agosto, setembro, novembro e decembro.	Anido na praia da Virxe e Bornalle e Liñares na praia da Abelleira.
C.P. Muros	Embarcación	AB, AF, Cn, B, C, AR, Abc	Praia da Virxe e praia da Abelleira.	70	De xaneiro a marzo. Decembro.	Lancha de vixilancia da confraría situada na zona autorizada. Salgueiros e portos de Muros e Esteiro.
C.P. Noia	A pé Embarcación	AF, AB, AX, B, Cn	Zona de autorización.	131	De xaneiro a abril. De setembro a decembro.	A pé: San Cosme, Misela e Broña. Embarcación: Testal, Misela, O Freixo.
C.P. Noia	Embarcación	O	Bancos de ostra de Broña e punta Cabalo Baixo.	38	De xaneiro a abril novembro e decembro.	Embarcación de vixilancia nas zonas de Broña e punta Cabalo Baixo.
C.P. O Barqueiro	A pé	AF, AB, B, Cm, O, AX, OX	Zonas de autorización situadas na marxe esquerda da ría do Barqueiro, entre a punta da Barra ao sur da punta Preguntoiro e ata a punta dos Prados.	65	De xaneiro a decembro.	Praia da Lama, Cabeceira do peirao de San Fiz, Ponte vella e os dous peiraos do Barqueiro. Fabriquín.
C.P. Palmeira	A pé	AF, AB, AX, Abc, B,	Praias de Cambra, de Insuela e Cruces.	140	De xaneiro a decembro.	Peirao de Palmeira.

Entidade ⁽¹⁾	Modalidade	Especies ⁽²⁾	Zona de traballo	Días máx. extracción	Épocas probables de extracción	Puntos de control
C.P. Palmeira	Embarcación	AB, AF, AR, Abc, B, R, C	Punta Aguiúicho, illote de Grades e Pedras Pahares.	160	De xaneiro a decembro.	Pantalán de Palmeira.
C.P. Pontedeume	A pé	AF, AX, AB, B	De praia Almieiras a punta Carboeira: O Fabal, Zopazos, Croa Pequena, Croa Grande, Peregil, Canal do Barco e A Pillada.	140	De xaneiro a decembro.	Lonxa de Pontedeume.
C.P. Pontedeume	Embarcación	AF, AX, AB, B	De praia Almieiras a punta Carboeira: A Tasca, a Barra, canle de Moteis-ponte de Pedra, Peregil, canle do Barco, A Pillada, A Pía e Día Oito.	152	De xaneiro a decembro.	Lonxa de Pontedeume. Rampla de acceso ao paseo marítimo de Pontedeume. Rampla de acceso ao peirao pola zona da lonxa.
C.P. Rianxo	A pé	AF, AX, AB, B	Zonas de autorización.	168	De xaneiro a decembro.	Zona de traballo.
C.P. Rianxo	Embarcación	AB, B, AF, AX	Zonas de autorización.	140	De abril a setembro. Decembro.	Plataforma da batea.
C.P. Ribeira	Embarcación	AF, AB, AR, C, B, O, R	De punta Aguiúicho a Eiró Grande; de Eiró Grande a Carabancelo; de Carabancelo a Redondo Vella; de Redonda Vella a punta Castro.	187	De xaneiro a decembro.	Coroso, Insua, Egoas, Touro, Airó, Castiñeiras, lonxa de Ribeira.
C.P. Sada	A pé	AF, AX, AB	Praia de Sada.	96	De xaneiro a decembro.	Praia de Sada.
Ría de Arousa, S. Coop. Galega	A pé Embarcación	AF, AB, AX, B	Zona de autorización: de punta Portomouro a punta Pedra Rubia.	210	De xaneiro. De marzo a agosto. De outubro a decembro.	Fontenla e Portomouro.

Provincia de Pontevedra

Entidade ⁽¹⁾	Modalidade	Especies ⁽²⁾	Zona de traballo	Días máx. extracción	Épocas probables de extracción	Puntos de control
C.P. A Illa de Arousa	A pé	AF, AB, Abc, AX, B, R, Cm	Zonas de autorización: de Sapeiras de Terra ata punta Quilme.	140	De xaneiro a decembro, cunha veda de polo menos un mes na zona sur-leste da Illa (Camaxe, Camaxiñas, Concerrado e Xastelas) entre abril e xuño.	O Bao. Concerrado. Camaxe e Xastelas. As Aceñas. Lonxa da Illa de Arousa.
C.P. A Illa de Arousa	Embarcación	AF, AB, AR, Abc, AX, B, C, R	Zonas de autorización da Illa de Arousa.	96	De xaneiro. De abril a setembro. Decembro.	Areoso. Arnela. Concerrado. Bao. Lonxa da Illa de Arousa.
C.P. Aldán-O Hío	A pé	L	De praia Alada a punta Preguntoiro cara ao interior da ría.	36	De xaneiro a febreiro. De maio a novembro.	Edificio da lonxa de Aldán.
C.P. Aldán-O Hío	A pé	AF, AB, AX, B, C, R	De punta Preguntoiro a praia Alada cara ao interior da ría.	65	De xaneiro a abril. De xuño a decembro.	Praia de San Cibrán. Lonxa de Aldán.
C.P. Baiona	A pé	AF, AB, AX, B, C, Cm, R	Foz do río Miñor, praia Ladeira, praia do Burgo, praia de Santa Marta, paseo da lonxa, praia Ribeira, praia Barbeira.	100	De xaneiro a abril e de xullo a decembro, cunha veda de dous meses consecutivos, en maio e xuño, excepto días puntuais nos que se poida extraer berberecho na Foz do Miñor.	Rampla de Rufz. Praia de Santa Marta. Lonxa de Baiona.
C.P. Baiona	Embarcación	AR, AB, R	Enseada de Baiona.	80	De marzo a abril e de xullo a setembro, cunha veda de dous meses en maio e xuño.	Embarcación de vixilancia da confraría. Lonxa de Baiona.
C.P. Cambados	A pé	AF, AX, AB, Abc, B, Cm, R, O	Zona intermareal entre punta Tragove e Rego do Alcalde, co saco de Fefiñáns. Entre Ponte Castrelo e punta Borrelo. Entre o peirao de Cambados e a desembocadura do río Umia.	180	De xaneiro a decembro, cunha veda mínima dun mes entre abril e xuño no banco do Sarrido.	Galpón de Montesaco de San Tomé. Lonxa de Tragove.
C.P. Cambados	A pé	L	Intermareal rochoso entre punta Tragove e Rego do Alcalde.	36	De xaneiro a agosto. Decembro.	Galpón de Montesaco de San Tomé. Lonxa de Tragove.
C.P. Cambados	Embarcación	AB, AF, AR, Abc, AX, B, C, R	De Rego do Alcalde a punta Tragove, de punta Borrón e peirao de Cambados ata punta Borrelo.	50	Xaneiro. De abril a xuño. Decembro.	Embarcacións da confraría de Cambados. Lonxa de Tragove.
C.P. Carril	A pé	AF, AB, AX, B	A Fangueira.	30	De xaneiro a decembro.	Zona de produción. Lonxa do Carril.
C.P. Carril	Embarcación	AF, AB, AX, B	A Fangueira.	30	De xaneiro a decembro.	Zona de produción.
C.P. O Grove	A pé	AF, AX, AB, Abc, B, C, R	Zonas de autorización.	180	De xaneiro a decembro.	En Castrelo: O Facho e Insufia. As Cachadas. En Vilalonga: ponte da Toxa, Moreiras e lonxa do Grove.

Entidade ⁽¹⁾	Modalidade	Especies ⁽²⁾	Zona de traballo	Días máx. extracción	Épocas probables de extracción	Puntos de control
C.P. O Grove	Embarcación	AF, AB, Abc, AX, AR, B, C, R	Zonas de autorización.	240	De xaneiro a decembro.	O Facho (en Castrelo), As Cachadas (en Vilalonga), embarcación da confraría e lonxa do Grove.
C.P. Vilanova	A pé	AF, AB, AX, Abc, B	De regato Aduana a Rego do Alcalde.	145	De xaneiro a decembro.	Zonas de produción. Lonxa de Vilanova de Arousa.
C.P. Vilanova	Embarcación	AF, AB, AX, AR, Abc, B, C, R	Esteiro de Vilamaio, A Corbala, de punta Basella á Corbala, de punta Basella a punta Sinas, de río Aduana a punta Sinas.	90	Xaneiro. De abril a setembro. Decembro.	Zonas de produción. Lonxa de Vilanova de Arousa.
C.P. Vilaxoán	A pé	AF, AB, AX, Abc, B, Cm	Entre Regato Aduana e punta Ferrazo.	180	De xaneiro a decembro.	Lonxa de Vilaxoán. Esteiro do Rial, praias de Borreiros, Corón, Preguntoiro, Sañías e Canelas.

(1) Entidade:

Abreviatura	
A.M.	Asociación de mariscadoras
C.P.	Confraría de pescadores

(2) Especies:

Abreviatura	Nome común	Nome científico	Abreviatura	Nome común	Nome científico
AF	Ameixa fina	<i>Ruditapes decussatus</i>	Ch	Chirla	<i>Chamelea gallina</i>
AB	Ameixa babosa	<i>Venerupis pullastra</i>	Cm	Caramuxo	<i>Littorina littorea</i>
AR	Ameixa rubia	<i>Venerupis rhomboides</i>	Cn	Cornicha	<i>Spisula solida</i>
AX	Ameixa xaponesa	<i>Ruditapes philippinarum</i>	L	Lapa	<i>Patella vulgata</i>
Abc	Ameixa bicuda	<i>Venerupis aurea</i>	O	Ostra	<i>Ostrea edulis</i>
Am	Ameixón	<i>Callista chione</i>	OX	Ostra xaponesa	<i>Crassostrea gigas</i>
Ar	Arola	<i>Lutreria spp</i>	Rb	Rabioso	<i>Glycimeris glycimeris</i>
B	Berberecho	<i>Cerastoderma edule</i>	R	Reló	<i>Dosinia exoleta</i>
C	Carneiro	<i>Venus verrucosa</i>	S	Saltón	<i>Laevicardium norvegicum</i>
Cd	Cadelucha	<i>Donax trunculus</i>			

Cadro B: plans específicos en zonas de libre marisqueo

Provincia de Lugo						
Entidade ⁽¹⁾	Modalidade	Especies ⁽²⁾	Zona de traballo	Días máx. extracción	Épocas probables de extracción	Puntos de control
A.M. San Cosme de Barreiros-Foz	A pé	AF	Bancos do Taro, Fondás e Fontorto.	40	De xaneiro a maio. De outubro a decembro.	Saídas de Fondás e de Esteiro.
A.M. San Cosme de Barreiros-Foz	A pé	Cm	Bancos do Taro, Fondás.	30	De xaneiro a abril. De novembro a decembro.	Saídas de Fondás e de Esteiro.
A.M. San Cosme de Barreiros-Foz	A pé	Cd	Praia do Altar.	30	De xaneiro a marzo. De xullo a decembro.	Saídas da praia de Altar.
A.M. San Cosme de Barreiros-Foz	A pé	B	Bancos do Taro, Fondás e Fontorto.	32	De xaneiro a maio. De outubro a decembro.	Saídas de Fondás e de Esteiro.
C.P. Celeiro	A pé	AF, AX, Cm, L, Cd	Zonas intermareias da ría de Viveiro, agás a zona interna desde a liña imaxinaria paralela á zona externa da ponte da Misericordia.	AF: 50 días AX: 24 días Cm: 20 días L: 40 días Cd: 10 días	AF: de marzo a maio e de agosto a decembro. AX: de xuño a novembro. Cm: marzo, abril e de agosto a decembro. L: de xaneiro a maio e de outubro a decembro. Cd: de xullo a setembro e decembro.	Lonxa de Celeiro. Lonxa de San Cibrao.
C.P. Celeiro	Embarcación	AF AX	Ría de Viveiro, agás a zona interna desde a liña imaxinaria paralela á zona externa da ponte da Misericordia.	AF: 75 días AX: 25 días	AF: de xaneiro a xuño e de outubro a decembro. AX: de xaneiro a abril e outubro.	Lonxa de Celeiro. Lonxa de San Cibrao.
C.P. Celeiro e O Vicedo (plan conxunto)	A pé	Cd	Praia da Abrela.	20	De febreiro a marzo. De agosto a outubro.	Praia da Abrela.
C.P. O Vicedo	A pé	B	Praia de Vilabril.	30	De xaneiro a abril. De outubro a decembro.	Praia de Vilabril. Lonxa do Vicedo.
C.P. O Vicedo	A pé	AF AX B	Desde As Pontes a Rego Seco. Praia de Fomento. Illa de San Martiño. Praia de Moledos.	15	De marzo a abril. De outubro a decembro.	Praia de Vilabril. Lonxa do Vicedo. Praia de Fomento, Creximil, illa San Martiño. Praia de Moledos.
C.P. O Vicedo e O Barqueiro (plan conxunto)	A pé	Cd	Lombo das Navallas.	15	Xaneiro, febreiro e de outubro a decembro.	Caseta de Arealonga. Lombo das Navallas. Peirao do Barqueiro.
C.P. O Vicedo e O Barqueiro (plan conxunto)	A pé	AF AX AB B	Canle da desembocadura do río Sor, excepto as zonas de autorización.	18	Marzo, abril, xullo, agosto, novembro e decembro.	Praias de Vilabril e da Lama. Portos de San Fiz e do Barqueiro. Ponte Vella. Fabriquín.

Entidade ⁽¹⁾	Modalidade	Especies ⁽²⁾	Zona de traballo	Días máx. extracción	Épocas probables de extracción	Puntos de control
C.P. Ribadeo	A pé	AF	Desde O Puntal ata a praia dos Bloques.	20	Marzo, abril. De setembro a novembro.	Lonxa de Ribadeo.
C.P. Ribadeo	A pé	L	De punta Promontorio ás Carallas e da Insua ao Puntal.	12	Abril. De setembro a novembro.	Lonxa de Ribadeo.
C.P. Ribadeo	A pé	Cm	De punta Promontorio ás Carallas e da Insua ao Puntal.	10	De setembro a novembro.	Lonxa de Ribadeo.
C.P. San Cibrao	A pé	Cm	Da ermida de San Tirso a punta Rueta.	30	De outubro a decembro.	Lonxa de San Cibrao, porto de Morás, porto de Portocelo.
C.P. San Cibrao	A pé	L	Da ermida de San Tirso a punta Rueta.	30	De outubro a decembro.	Lonxa de San Cibrao, porto de Morás, porto de Portocelo.
Provincia da Coruña						
Entidade ⁽¹⁾	Modalidade	Especies ⁽²⁾	Zona de traballo	Días máx. extracción	Épocas probables de extracción	Puntos de control
A.M. Fonte de Santa Helena de Baldaio	A pé	B AF AB	Zona de libre marisqueo das Lagoas de Baldaio.	20	Marzo. De xullo a setembro. De novembro a decembro.	Punto de control de Fonte de Santa Helena.
A.M. Esteiro do río Anllóns	A pé	B	Zonas de libre marisqueo do esteiro do río Anllóns.	65	De xaneiro a decembro.	Pedras de Cambón, Ourixeira, O Pendón e Lodeiro.
C.P. A Coruña	Embarcación	AF, AB, B, C, Ch	Banco do Parrote, Valiña (barra da praia de Santa Cristina) e praia de Oza.	Parrote: 60 Valiña/Oza: 15	Parrote: de xuño a agosto e decembro. Valiña/Oza: de xuño a decembro.	Punto de venda no lugar das Xubias (A Coruña).
C.P. A Coruña	A pé Embarcación	AF AB AX B	Zonas de libre marisqueo da ría do Burgo: desde a ponte da Pasaxe ata a liña imaxinaria que vai desde o colexio Santiago Apóstol ata o extremo E da praia de Santa Cristina.	A pé: 50 Embr.: 80	A pé: De xaneiro a abril. De xullo a decembro. Embarcación: De xaneiro a abril. De setembro a decembro.	Punto de venda no lugar das Xubias (A Coruña).
C.P. A Pobra do C.	A pé	AB, AF, AX, B	Zona intermareal do banco de Cabío.	40	De setembro a decembro.	Lonxa da Pobra do Caramiñal.
C.P. Cariño	A pé	AF, AB, Cd, B	Praias da Concha, Basteira, Figueiras e dos Cabalos.	21	De febreiro a agosto e outubro.	Punta Figueroa. Lonxa de Cariño.
C.P. Cedeira	A pé	Cd	Praia de Vilarrube-Pantín.	132	De xaneiro a abril. De setembro a decembro.	Vilarrube: Vila Herminia. Casa do pescador en Cedeira.
C.P. Cedeira	A pé	B	Praia da Madalena e a enseada de Esteiro.	100	De xaneiro a abril. De xullo a decembro.	Casa do pescador en Cedeira.
C.P. Corcubión	A pé	AF, AB, AX, B, Cm	Praias de Cee, Corcubión, A Viña, Estorde e Ézaro.	100	De xaneiro a decembro.	Zona de produción.
C.P. Corcubión	A pé	L	Da desembocadura do río Xallas a punta Arnela.	25	De xaneiro a marzo. De novembro a decembro.	Peirao de Corcubión.
C.P. Corcubión, O Pindo e Fisterra (plan conxunto)	Endeño remolcado	AR	Banco do Castelo de Corcubión ou do oeste, Banco do Castelo de Ameixenda ou do leste, Banco de Boca de Sapo, Banco de Sardiñeiro e Banco de Fisterra.	61	Do 8 de maio ao 31 de xullo.	Peirao e lonxas de Corcubión e Fisterra.
C.P. Espasante	A pé	AF, AB, AX, B, Cm, L, Cd	Enseada de Ladrado (na ría de Ortigueira), da punta do espigón do porto de Ortigueira ata á depuradora.	35	Marzo. De xullo a outubro. Decembro.	Praia de Moriouzos e Regueiras. Peiraos de Ortigueira e Ladrado.
C.P. Fisterra	A pé	L	De punta Arnela ata ao porto de Fisterra.	50	De xaneiro a marzo. De novembro a decembro.	Sector 1: praia do Sardiñeiro. Sector 2: praia de Langosteira.
C.P. Fisterra	Embarcación	AB, AR	Bancos infralitorais da praia de Langosteira (máis de 12 metros).	30	Xaneiro, abril e decembro.	Na propia zona de traballo en Langosteira e peirao e lonxa de Fisterra.
C.P. Lira	A pé	L	De punta Insua a punta Larada.	40	De xaneiro a decembro.	Lonxa de Lira.
C.P. Lira e O Pindo (plan conxunto)	A pé	B, AF	Praias da Berberecheira e da Lagoa.	25	De xuño a setembro. Decembro.	Estrada do Viso e Lagoa.
C.P. Miño	A pé Embarcación	AF, AB, B, Cm (a pé), O, AX, Cd (a pé)	A pé: río Bañobre, punta Xurela-A Ponte do Porco, punta Cabana-praia do Pedrido. Embarcación: de punta Curbeiroa a punta Mauruxo.	110	De xaneiro a decembro.	Punto de venda do Pedrido. Porto de Miño.
C.P. Muros	A pé	L	De punta Uhía a punta Insua (excepto a zona comprendida entre o peirao de Muros e punta San Antón).	36	De xaneiro a abril. De outubro a decembro.	Lonxas de Muros e de Esteiro.
